

RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DO COMITÉ DE SEGUIMIENTO REXIONAL DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN EN GALICIA

O 31 de agosto de 2022, mediante Decisión de Execución C (2022) 6017, a Comisión Europea aprobou o Plan Estratéxico da Política Agrícola Común.

Dentro do prazo de tres meses dende a notificación da decisión de execución da Comisión, segundo dispón o artigo 124 do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da Política Agrícola Común (PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1307/2013, cada Estado membro creará un comité nacional encargado do seguimento da execución do Plan Estratéxico da PAC (PEPAC) e determinará a súa composición, garantindo unha representación equilibrada das autoridades públicas e organismos intermedios pertinentes dos Estados membros e dos representantes dos socios aos que se fai referencia no apartado 3 do artigo 106.

O apartado quinto do citado precepto establece que, cando os elementos do Plan se establezan a nivel rexional, o Estado membro poderá crear comités de seguimento rexionais para supervisar a aplicación dos elementos rexionais e facilitar a información ao respecto ao comité de seguimento nacional. Establece igualmente o referido apartado quinto que o disposto neste artigo 124 respecto ao comité nacional aplicarase, mutatis mutandis, aos comités de seguimento rexionais no que se refire aos elementos establecidos a nivel rexional.

Ao abeiro do anteriormente exposto, o PEPAC 2023-2027 de España, no apartado referido aos organismos de gobernanza, dispón que as autoridades rexionais de xestión poderán constituír Comités de Seguimento Rexionais para supervisar a aplicación dos elementos rexionais e facilitar información ao Comité de Seguimento do Plan.





Así, mediante resolucións da Autoridade Rexional de xestión do 21 e 29 de novembro de 2022, estableceuse a composición do Comité Seguimento Rexional do PEPAC de Galicia.

O 30 de novembro tivo lugar a sesión constitutiva do Comité, aprobando este o seu Regulamento interno na sesión do 12 de xaneiro de 2023.

O artigo 4.2 do devandito regulamento establece que calquera entidade poderá dirixir unha solicitude á Secretaría para ser admitida como membro do Comité, sinalando a continuación que a Presidencia resolverá de forma motivada, dando conta ao Comité e garantindo, en todo caso, que se manteña unha composición equilibrada consonte co establecido no Regulamento (UE) 2021/2115.

Neste sentido, a Asociación de Asesores Rurais de Galicia presentou unha solicitude de incorporación ao Comité de Seguimento do PEPAC 2023-2027 *"coa finalidade de aportar a experiencia acumulada polos asesores/as rurais pertencentes á asociación na súa traxectoria profesional, para a construción dun futuro no que se teñan en consideración aos gandeiros/as, agricultores/as e asesores/as rurais como axentes fundamentais do desenvolvemento do Rural galego"*.

A composición do Comité de Seguimento Rexional do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común en Galicia, en cumprimento do disposto nos artigos 124 e 106 do Regulamento (UE) 2021/2115, garante unha representación equilibrada das administracións e organismos públicos e dos representantes dos interesados.

No proceso de establecemento da composición do Comité tívose en conta, ademais da referida necesidade de manter un equilibrio, o feito de que o número de membros do Comité non pode ser ilimitado, de cara a garantir o bo funcionamento do mesmo; por elo, seleccionáronse aquelas entidades cunha vinculación máis directa cos obxectivos do PEPAC e con maior representatividade.





Por elo, a composición do Comité atende tanto aos organismos públicos xestores das intervencións definidas para Galicia no PEPAC 2023-2027 de España, como aos representantes dos sectores agrarios aos que van dirixidas as referidas actuacións e coa finalidade de reflexar a maior pluralidade de interlocutores públicos, económicos e sociais que deben participar de forma efectiva no seguimento do plan.

Tal e como afirma na solicitude presentada, a Asociación de Asesores Rurais de Galicia ten como finalidade a defensa dos intereses profesionais dos técnicos que están asesorando no ámbito rural, o que indica que carece dun vínculo directo cos obxectivos do PEPAC e que non é representativa de ningún sector ligado directa ou transversalmente ao PEPAC, razón esta pola que non pode estimarse a súa solicitude ao non cumprir as circunstancias expostas nos parágrafos anteriores e que son tidas en conta para a designación dos membros do Comité.

En todo caso, cómpre sinalar que o artigo 3.3 do Regulamento interno do Comité sinala que *“poderase invitar ás reunións do Comité a representantes das Administracións públicas e doutras institucións representativas da sociedade civil, a beneficiarios do programa, a asesores externos que colaboren nas tarefas de xestión, seguimento e avaliación do programa e, eventualmente, a observadores de países comunitarios ou extracomunitarios”*, polo que poderase ter en conta, no caso de tratar asuntos concretos relacionados co obxecto e finalidade da Asociación de Asesores Rurais de Galicia, que a mesma poida ser invitada a participar nas reunións do Comité, se a autoridade de xestión o considera oportuno.

Todo elo, ademais, sen prexuízo da posibilidade da Asociación de solicitar información puntual á Autoridade de Xestión sobre cuestións que lles resulten de interese para o exercicio das súas funcións.

Polo exposto, e en base ao disposto no artigo 4.2 e 6.2.g) do Regulamento interno do Comité de Seguimento Rexional do PEPAC de Galicia, a Presidencia





RESOLVE

Primeiro.- Denegar a solicitude de incorporación ao Comité presentada pola Asociación de Asesores Rurais de Galicia.

Segundo.- Ordenar que se dea conta desta resolución ao Comité de seguimento.

Santiago de Compostela (*documento asinado dixitalmente*)

O Presidente do Comité de Seguimento Rexional e Autoridade de Xestión do PEPAC en Galicia

Joaquín Macho Canales

